



# A COSTA DE AGUIÑO

Adela Leiro, Mon Daporta



## O LITORAL DA BOCA NORTE DA RÍA DE AROUSA Ou de Aguiño a Aguiño dando a volta por Couso, Area Basta e A Graña.

Distancia: 10 km

Dificultade: baixa

Duración: 3 horas



Entre 9 e 10 km por camiños, carreiros e laxes para dar unha volta pola costa desde Aguiño á Graña e volver a Aguiño pola beira das estradas e algúns camiños, en total unhas 3 horas de camiñada deixando tempo para o vagar e o goce das formas que o vento, a auga, o sal e o tempo, labraron nas masas rochosas do contorno próximo e nos numerosos illotes que se abranguen desde o camiño; para observar as aves mariñas que os coroan e os pequenos paxaros que nos observan ou que xurden a cada paso das matogueiras polas que pasamos, e as bolboretas e as libeliñas que nunca faltan nos sitios onde hai auga...



Unha pena do equilibrio



Vista da Punta Falcoeira desde a Covasa.

## COMO CHEGAR:

Deixamos o coche no aparcamento do porto e, seguindo sempre os camiños máis próximos ao mar e os carreiros máis arrente das pedras e as praias, a 700 m da saída atopamos os restos do porto de orixe fenicia da Covasa, un pouco máis adiante as recollidas praias de Celeirón e a Penisqueira, e aos 2 km aproximadamente da saída, un pouco antes de chegar ao Centro de Experimentación de Acuicultura e á Punta de Couso, atopamos, ao pé mesmo do mar, un curioso conxunto de fonte, pilón e lavadoiro alimentados por unha surxencia nun con, rodeado por un valo necesario para protexer ás lavadeiras dos salseiros das ondas que baten nas pedras; uns 300 m máis adiante está a praia de Couso e cruzando a praia, ao pé da parede das fábricas, ou, sen cruzala, rodeándoas, chegamos á Punta Falcoeira, en fronte da que está o illote de Falcoeiro. Desde a Punta Falcoeira pasamos á punta de Area Basta, con curiosas formas nas rochas, e logo baixamos á praia do mesmo nome, unha praia estreita con bastante desnivel e ben protexida, que cruzamos para seguir cara á punta Cabos Gordos, onde, se a marea está baixa, podemos ver os restos dun antigo viveiro, un espazo rodeado de pedras cun muro de pedra e cemento pola parte de afora; acadamos logo a Punta Congreira e seguindo polos carreiros chegamos á Punta da Graña, rodeando logo o peche dunha depuradora, chegamos á estrada onde rematamos o percorrido pola costa e empezamos o camiño de volta, que faremos xa case todo pola beira de estradas e pistas asfaltadas. A estrada na que nos atopamos empata a uns 700 m cunha estrada principal que seguiremos, collendo cara á dereita, para deixala uns 250 m despois, cando fai unha curva á esquerda, porque nós seguiremos dereito por unha estrada de menor categoría, que volveremos a deixar uns 400 m máis adiante, cando se desvía cara ao miradoiro de Couso, para seguir o camiño dereito por unha pista asfaltada máis estreita que uns 300 m máis adiante vira á dereita para volver a virar á esquerda uns 50 m despois e logo de pasar por entre unhas casas fai un novo xiro, en ángulo recto, á esquerda. Neste punto, xusto de fronte, hai un camiño un algo descochado e meténdonos por el, que logo se bifurca, tanto si seguimos o ramal máis marcado, que se desvía cara á dereita, como o menos evidente que baixa polo medio do pinal imos saír ás praias de Celeiróns e desde elas podemos volver polo mesmo camiño que empezamos a ruta ou subir por Trasporto e seguir a rúa ata o seu remate no porto ou estírala un pouco máis e percorrer tamén a praia das Tascas e o paseo das Centoleiras (2,5 km ida e volta, e case unha hora máis que engadirlle ao xa feito).



Restos do peirao fenicio da Covasa.



Lavadoiro á beira do mar



Corvos mariños e gaivotas empregan como lugares de descanso os numerosos cons que se atopan nesta parte da costa.




Boca norte da Ría de Arousa, entre a punta da Barca e a illa de Sagres. Unha das zonas complicadas para a navegación.




Detalle da illa de Sagres. Arredor desta illa hai unha lenda que conta que nos tempos antigos en que vivían aquí os Oestrymnios chegou un home chamado Saepes ao mando dun poderoso exército. Para facerse co dominio das illas casou coa filla do xefe da tribo chamada Forcadiña. Como nin así conseguiu o dominio matou á súa dona e parteuna en moitos anacos que deron lugar a numerosos illotes espallados pola zona. O pai de Forcadiña anoxado botoulle unha maldición a Saepes e convertiuno tamén nunha pedra, o Home de Sagres, ao igual que a todos os seus seguidores. Contan que todas as pedras que rodean á illa de Sagres son os homes do exército de Saepes e os animais da súa facenda convertidos en pedras.



Illote Falcoeiro



Praia e punta de Area Basta



Unha antiga cetárea aproveitando o coído



Algúns dos moitos penedos de formas curiosas